

Coord.

Xosé Manuel Cid, Sofía Riveiro, M. Victoria Carrera,
Montserrat Castro, Xesús Rodríguez, Alberto Fernández-Sanmamed,
Antía Cid, Patricia Alonso e Francisco Candia



**EDUCACION
SOCIAL
ESCOLA**

Unha análise da última década (2006-2016)

Coord.

Xosé Manuel Cid, Sofía Riveiro, M. Victoria Carrera,
Montserrat Castro, Jesús Rodríguez, Alberto Fernández-Sanmamed, Antía
Cid, Patricia Alonso e Francisco Candia

Educación Social e Escola. Análise da última década (2006-2016)

Ourense, CEESG/NEG
2018

Educación social e escola. Análise da última década (2006-2016).

Edts Cid Fernández, X. M. e outros/as. Editado por CEESG,
co apoio de diversas entidades académicas, científicas e profesionais.
Ourense, 2018. 816 paxs. Apoio da Exma Deputación de Ourense.

Deseño capa: Xiana Lastra

© Xosé Manuel Cid Fernández, Sofía Riveiro Olveira, M^a Victoria Carrera Fernández, M^a Montserrat Castro Rodríguez, Jesús Rodríguez Rodríguez, Alberto Fernández de Sanmamed Santos, Antía Cid Rodríguez, Patricia Alonso Ruído e Francisco José Candia Durán

Supervisión de textos en galego: Isabel Mociño e Ana Iglesias

Deseño e maquetación: Imprenta Deputación de Ourense

Impresión: Imprenta Deputación Provincial de Ourense

Edición: CEESG, NEG (Galicia), APTSES (Portugal), AEES SP (Brasil), SIPS

ISBN: 978-84-697-7024-5

Depósito legal: OU 18-2018

1^a edición, 2018

A reprodución ou difusión de calquera parte desta obra debe contar co consentemento dos editores ou do autor ou autora correspondente.

PRÓLOGO.....	11
I. EDUCACIÓN SOCIAL E ESCOLA: REALIDADES POLO MUNDO ADIANTE	
<i>Profesión necesaria para una escuela inclusiva</i> Xavier Puig Santulària e Alberto Fernández Sanmamed.....	17
<i>El estado de la cuestión y la normativa en Extremadura</i> David Galán Carretero.....	51
<i>La Educación social en el sistema educativo, una mirada desde Castilla-La Mancha</i> Francisco J. Serrano Madrid.....	69
<i>La educación social en Andalucía</i> Manuel Vázquez Uceda.....	77
<i>O estado da cuestión e da normativa en Galicia. Un balance dos 10 últimos anos</i> Sofía Riveiro Olveira.....	81
<i>Professoras/es e Educadoras/es sociais em busca do sucesso educativo: uma experiência de uma escola pública no âmbito do Programa TEIP</i> Daniela Gonçalves.....	93
<i>Mediação socioeducativa: os contributos do professor-tutor na escola. Estudo de caso no Agrupamento de Escolas Gomes Monteiro, Boticas</i> Berta Maria Rodrigues Morais César.....	103
<i>Uma escola, muitos coletivos: a importância da participação cidadã e de uma escola democrática.</i> Valéria Aroeira Garcia e Juliana Pedreschi Rodrigues.....	113
<i>Educação e participação democrática: O que se aprende nas escolas ocupadas</i> Alexandre Silva Virginio.....	123
<i>Educación social e escola en Alemaña</i> Carolina Borges Veloso.....	137

<i>La detección de necesidades de educadoras/os sociales en las escuelas exteriores: el caso de Casablanca - Marruecos</i>	
Fátima Braña Rey	155

II. ALGUNHAS EXPERIENCIAS EN GALICIA

<i>Planes de convivencia en los centros de secundaria</i>	
Vanessa Rodríguez González	165
<i>Os educadores sociais son necesarios na escola</i>	
Xosé Ramos Rodríguez	181
<i>Educación en valores: A Senda da Convivencia. IES Carlos Casares de Viana do Bolo</i>	
Susana Fernández Vázquez e Ovidio Villar Marcos	185
<i>Promociona. Por el éxito escolar de la comunidad gitana</i>	
Aurora Álvarez Fernández	191
<i>El Programa Aleida de lucha contra el fracaso escolar en contextos de riesgo de exclusión. Análisis particular de mejora de competencias de los participantes en el programa y propuestas de futuro</i>	
Carlos Rosón Varela, Manuel Noya Alvarez, Ana Martínez Fernández e Malaika Cousillas Figueiras	201
<i>Técnicas Activas en Coeducación e Prevención da Violencia de Xénero: Atalaia Social</i>	
Noelia Darriba García e Iria García Martínez	225
<i>Fracaso escolar e formación para o emprego. O papel da educación social</i>	
Deibe Fernández-Simo e Xosé Manuel Cid Fernández	233
<i>A educación social e Centros Quérote +: proposta de intervención sobre educación sexual nas escolas</i>	
Millán Brea Castro	241

III. A SITUACIÓN DA FORMACIÓN INICIAL EN EDUCACIÓN SOCIAL E MAXISTERIO: CARA A UN DIÁLOGO INTERPROFESIONAL

<i>Que hai sobre Educación Social e Escola nos Graos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Social na Universidade de Vigo?</i>	
Xosé Manuel Cid Fernández e Pino Díaz Pereira	249
<i>¿Qué hay de Escuela y de Educación Social en la Formación Inicial Universitaria de los Educadores/as?: El caso de la Universidad de Santiago de Compostela</i>	
Elena Fernández Rey e Cristina Ceinos Sanz	261

<i>A formación inicial universitaria e as súas contribucións ao encontro entre profesorado e educadoras/es sociais na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña</i>	
Rosa María Méndez García; M ^a Cristina Naya Riveiro; Laura Cruz López . . .	277
<i>O binomio educación social-escola na Facultade de Formación do Profesorado (Campus Terra, USC)</i>	
Francisco Xosé Candia Durán	293
<i>A propósito de la formación inicial universitaria en educación social: una apuesta por la acción socioeducativa en la escuela</i>	
Miquel Castillo Carbonell e Eva Bretones Peregrina	301
<i>La escuela en la formación inicial de los/as educadores/as sociales: comunidades de Galicia y Extremadura</i>	
María Dapía Conde e María Reyes Fernández González	309
<i>A escola nos Traballos de Fin de Grao de Educación Social na Universidade de Vigo</i>	
María Dapía Conde e Fátima Braña Rey	329

IV. AXENTES EDUCATIVOS, EDUCACIÓN SOCIAL E ESCOLA

<i>A incorporación de educadoras e educadores sociais aos centros escolares: revisión bibliográfica e proposta de desenvolvemento na realidade galega</i>	
Raquel López Fernández	347
<i>A Educación Social na integración académica da infancia e da adolescencia con expediente no sistema de protección de menores</i>	
Deibe Fernández-Simo e Xosé Manuel Cid Fernández	361
<i>Ponte... nas ondas! Un innovador axente educativo e de socialización</i>	
Raquel Rey Vilas e Xosé Manuel Cid Fernández	369
<i>A escola non foi feita para todos os sectores da infancia. Reflexións e propostas de profesionais da educación social</i>	
Raquel Prada Leal e Xosé Manuel Cid Fernández	381
<i>Actividades socioeducativas asistidas con animais dentro dun contexto educativo. Experiencia nun centro de menores</i>	
Alba María Ojea Cid	399
<i>Educación social para prevenir y/o erradicar el sedentarismo en las escuelas. Revisión teórica</i>	
Laura Ruiz Soriano	417
<i>A necesidade das/os profesionais da educación social nas Casas de acollida de atención a vítimas de violencia de xénero</i>	
Noelia Bargiela Romero e Yolanda Rodríguez Castro	425

<i>Implicación de la familia ante el uso académico de las tabletas en la etapa de educación primaria</i>	
Cristina Sánchez-Martínez e María Carmen Ricoy Lorenzo	437
<i>Deconstrucción da identidade masculina tradicional en contextos formativos. O papel da educación social</i>	
Rubén Torres Campelo, María José Méndez Lois e Aixa Permuy Martínez . . .	453
<i>Educador social y escuela: un reto hacia la educación inclusiva</i>	
Erika González García e Nazaret Martínez Heredia	467
<i>Educación sexual y educación social en la escuela</i>	
Patricia Alonso Ruido e Yolanda Rodríguez Castro	481
<i>¿Qué tiene que decir la educación social sobre el racismo en las aulas y las escuelas? Sobre la utilización del “storytelling” como estrategia de actuación en educación social</i>	
Jesús Fernando Campos Gómez	493
<i>El uso de los centros educativos para actividades de ocio infanto-juveniles fuera del período académico</i>	
Arantzazu Mosquera	507
<i>La educación social: alternativa ante la problemática del absentismo</i>	
Nazaret Martínez Heredia e Erika González García	513

V. ÁREAS EMERXENTES DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA NA ESCOLA

<i>Igualdade como motor educativo de cambio</i>	
Noelia Darriba García	525
<i>Familias de todos los colores: un análisis de las actitudes hacia la diversidad sexual en niñas y niños de educación infantil</i>	
Nuria Álvarez Rodríguez, María Victoria Carrera Fernández e Xosé Manuel Cid Fernández	535
<i>Educación social na escola: experiencias prácticas</i>	
Iria García Martínez (AtalaiA.social)	549
<i>Comunidades de Aprendizaje y la Prevención de la Violencia de Género: influencia de las actuaciones educativas de éxito</i>	
Iker de Luz Colás	555
<i>Érase una vez... el cuento como agente de socialización diferencial de género</i>	
Maira Díaz Armesto e María Victoria Carrera Fernández.	575
<i>Da transfobia á trans-inclusión: relatos autobiográficos que trans-forman o mundo</i>	
Lucía González Castro e María Victoria Carrera Fernández.	591

<i>Heterosexismo, mitos del amor romántico y violencia en las relaciones de pareja en adolescentes a través de las redes sociales: el papel de la educación social</i>	
María Rita Carreira Buján e María Victoria Carrera Fernández	607
<i>Coeducación e normalización da homosexualidade a partir da literatura infantil</i>	
Rocío García Pedreira e Verónica Pousada Pardo	623
<i>Enfrontarse aos conflitos a través da literatura xuvenil: unha selección da última década</i>	
Isabel Mociño González	637

VI. AMPLIANDO O CURRÍCULO DENDE A COLABORACIÓN INTERPROFESIONAL

<i>Competencias e formación continua dos orientadores e docentes de secundaria con respecto ao Síndrome de TEA</i>	
Antía Cid Rodríguez e Daniela Gonçalves.	653
<i>Os elementos da cultura galega como vehículo de aprendizaxe</i>	
Rafael José Adalid Rodríguez.	669
<i>Teatro e Educación Social. Algunhas confluencias explícitas</i>	
Manuel F. Vieites García	673
<i>El rol de los medios de comunicación comunitarios como herramientas de inclusión social y educación mediática. El caso de la emisora CUAC FM en A Coruña</i>	
Isabel Lema Blanco.	693
<i>La trata de mujeres con fines de explotación sexual: el papel de la educación social y la escuela</i>	
Rosana Martínez Román e Yolanda Rodríguez Castro.	709
<i>Adolescentes y prácticas de riesgo a través de las TICS</i>	
Patricia Alonso Ruido, Yolanda Rodríguez Castro e María Lameiras Fernández.	725
<i>Piropos afagadores ou práctica que mantén os estereotipos de xénero?</i>	
Raquel Lois Gómez e María Lameiras Fernández	739
<i>Amor e violencia: unha perigosa relación nas parellas adolescentes</i>	
Belén Martínez Cuquejo e Yolanda Rodríguez Castro	753

PÓSTERS

<i>Teleclubs en Galicia (1964-1978) como centros sociais e culturais. Vixencia, local escola e mestres/as implicados/as</i>	
Juan José García Rodicio.	769

<i>Justificación de la presencia de educadores sociales en los centros educativos: una revisión bibliográfica</i>	
Ana María Amigo	773
<i>As Comunidades Discursivas aplicadas ás Políticas Educativas Actuais.</i>	
María Eugenia Díaz Caneiro	783
<i>A perspectiva sociocomunitaria, unha necesidade na formación inicial dos mestres/as de Educación Primaria en Galicia0</i>	
Eva Garea Mato e Carmen Morán de Castro	805
<i>Un punto e seguido na actuación dos colectivos profesionais de educadores e educadoras.</i>	
Monica Serrano, Presidenta do CEESG. Mariló Candedo. Presidenta de Nova Escola Galega	809

O BINOMIO EDUCACIÓN SOCIAL-ESCOLA NA FACULDADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO (CAMPUS TERRA, USC)

Francisco Xosé Candia Durán,
francisco.candia@usc.es

1. A Facultade de Formación do Profesorado

Igual que aconteceu noutras cidades galegas e de todo o Estado, tamén é a mediados do século XIX cando se crea o centro formativo que se vai responsabilizar da capacitación profesional inicial de mestres e mestras para Lugo e a súa provincia.

Efectivamente, a entidade que actualmente se denomina Facultade de Formación do Profesorado (integrada hai uns 45 anos como un centro máis dentro da estrutura da Universidade de Santiago de Compostela, e que hoxe desenvolve o seu labor inserida dentro do Campus Terra lucense), tivo as súas orixes na Escola Normal de Mestres de Lugo, constituída en 1842, aínda que a súa actividade non se consolidou ata 7 anos máis tarde, e nunhas dependencias anexas ao convento de San Domingos. En definitiva, estamos a referirnos ao centro universitario con maior traxectoria do campus lucense (máis información na web da Facultade: <http://www.usc.es/gl/centros/ffp/profesorado1842.html>).

Desde aquela data, ao longo pois de un século e medio longo, e igual que lles sucedeu a outros centros dedicados á formación do maxisterio, a entidade lucense foi pasando por numerosas vicisitudes: cambios de denominación e de dependencia institucional, traslados de sede (ata chegarmos ao actual edificio da Avenida Ramón Ferreiro), innumerables modificacións de plans de estudos (e mesmo de orientación ideolóxico-pedagóxica), segregación en dous centros (un dedicado á formación de mestres e outro á de mestras) e definitiva fusión no curso 1964-65, orientación máis ou menos profesional (e con maior ou menor dependencia do poder político), etc., pero sempre procurando manter o obxectivo de ofrecer unha formación inicial da maior calidade posible en cada momento histórico para as futuras mestras e mestres da provincia.

Na actualidade, e alén dese obxectivo principal, o centro tamén ofrece diversos servizos de posgraduación e de formación continua para profesionais da educación (no amplo abano de significados do termo, aínda que máis especialmente dirixida a persoas que traballan no eido escolar pre-universitario), á marxe de continuar co seu papel de faro para a cidade en tanto que espazo de extensión universitaria e de difusión cultural.

En termos de alumnado é tamén o centro universitario lucense máis dinámico, pois cubre sobradamente todas as prazas que ofrece nas cinco titulacións que a día de hoxe ten encomendadas: Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil (e curso ponte correspondente), Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (e curso ponte correspondente), Dobre Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil e en Mestre ou Mestra de Educación Primaria, Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza, e Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

A pesar das dificultades que a entidade padece (especialmente déficit de persoal e recursos) e das limitacións que impón a propia infraestrutura do antigo edificio que ocupa (inaugurado en 1954, e compartido cun centro de educación infantil e primaria), o rol sociocultural que desenvolve na cidade de Lugo, e especialmente a mellora da calidade da formación que lle vén ofrecendo ao alumnado, fixeron desta institución nos últimos anos un referente no seu eido e no propio Campus Terra, o que lle permite superar os 850 estudantes (curso 2016-17). En todo caso, de entre as cinco Facultades públicas galegas que se dedican á formación do profesorado, segue sendo o centro máis pequeno.

2. O camiño percorrido na relación educación social-escola

Como se avanzou antes, precisamente a propia denominación actual da Facultade permite inferir cal é a súa orientación fundamental: capacitar profesionalmente ao profesorado dos diferentes niveis de ensino do sistema educativo formal pre-universitario, especialmente o das etapas de Educación Infantil e de Educación Primaria.

A diferenza do que lle aconteceu ao Campus de Compostela (e máis tarde tamén ao da Coruña, ao de Ourense, etc.) que desde os anos 70 veu progresivamente incrementada a súa oferta de titulacións directamente relacionadas coas ciencias da educación (complementando así os propios estudos de maxisterio), no caso de Lugo nunca se ofreceron titulacións como Pedagogía ou Educación Social, pois o outro Campus da Universidade cubría adecuadamente a demanda existente.

Esta carencia na oferta formativa en boa medida pode considerarse causante de que a presenza ou o tratamento de temáticas educativo-sociais (en sentido estrito) na actividade ordinaria do centro lucense, fose en realidade case inexistente ata datas relativamente recentes.

Aínda así poderíamos mencionar unha serie de evidencias ou fitos que darían conta, nos últimos anos, precisamente desa progresiva ligazón que

paseniño se vai tecendo nesta Facultade entre a formación inicial de mestres e mestras coa educación social:

- Presenza de numerosas materias nos plans de estudos de mestre ou mestra implementados desde a aprobación da LOXSE en 1990, que inclúen explicitamente contidos relacionados cos vellos temas transversais (educación para a saúde, educación ambiental, educación para a paz, educación en valores, educación para a cidadanía, etc., etc.).
- Posibilidade de escoller a materia optativa Pedagogía Social no plan de estudos da vella diplomatura de Mestre/a de Educación Primaria, que precisamente ofrecía unha panorámica da situación educativo-social e a súa relación cos centros escolares. Mantívose uns 4 anos, ata que desapareceu a titulación. Tamén se estivo a piques de aceptar no mesmo plan de estudos outra materia optativa que se denominaría Educación de persoas adultas.
- Existencia de materias optativas nos actuais plans de estudos de maxisterio que inclúen contidos parcialmente ligados ou vinculados coa educación social, paralelamente ao que acontece nos demais centros galegos de formación de mestres e mestras. Educación en contextos rurais, Xogo infantil, Educación ambiental e a súa didáctica, Educación emocional, Educación en valores e cidadanía, Identidade de xénero e educación, Tutoría e orientación educativa, Literatura, lectura e creatividade, O entorno: implicacións didácticas para a aprendizaxe na escola primaria, Tutoría para a escola de pais-nais, Xogos populares e xogos regulados en Educación Primaria, Actividades motrices e recreativas na natureza, Educación física inclusiva, A educación dos sentimentos estéticos, etc., son algunhas desas materias que posibilitan a presenza curricular nos nosos graos de mestre/a de contidos de educación social.
- Cursos de especialización dirixidos a posgraduados/as sobre dirección de actividades educativas de tempo libre e sobre actividades educativas na natureza, desenvolvidos nos anos 2000 e 2001 respectivamente.
- Implementación do modelo de aprendizaxe-servizo en varias materias no grao de educación primaria, e ademais con certo éxito social. Esta iniciativa permítelle ao alumnado involucrado aprender sobre certos contidos disciplinares a medida que elaboran materiais didácticos perfectamente practicables e pensados para alumnado específico (por exemplo nenos e nenas que atenden entidades como a ONCE, ou outras).

- Elaboración por parte do alumnado de Traballos de Fin de Grao relacionados con temáticas educativo-sociais, que transcenden o tradicionalmente identificado como “escolar”. Percíbese ao respecto un aumento progresivo cada ano de traballos con esta orientación, sinal inequívoco de que se vai percibindo a necesidade de considerar de maneira integral ambas perspectivas para ofrecer un servizo pedagóxico de calidade e que resolva adecuadamente os problemas cos que cada día se enfrontan mestras e mestres nas aulas.
- Prácticum dos dous graos en centros especiais como o Centro Educativo Santo Anxo da Garda (Rábade), varios centros penitenciarios (Monterroso, Bonxe-Outeiro de Rei, Teixeiro-Curtis, etc.), as escolas hospitalarias do HULA (Lugo) ou do CHUS (Compostela), etc.
- Nómima de contactos institucionais (e en numerosos casos, con convenios oficiais) cos que conta actualmente a Facultade, non só pero especialmente relacionados co máster en dirección de actividades educativas na natureza e co seu Prácticum pre-profesional, con entidades como o Parque Eólico Experimental Sotavento (Xermade), as Granxas-Escola Barreiros (Sarria) ou Garabullos (Cospeito), etc.
- Relación estable coa ONCE-Lugo, coa Asociación de Promoción e Integración Xitana de Lugo, coa antiga Fundación Preescolar na Casa (e actualmente coa Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy), entre outras moitas entidades locais.
- Conferencias na Facultade de diferentes axentes relacionados coa educación social, convidados ano tras ano por iniciativa do profesorado do centro (especialmente por aqueles/as docentes responsables das materias de Prácticum) ou por outras entidades locais: educadoras/es ambientais, educadoras/es en centros de menores, educadoras/es familiares, educadoras/es de servizos sociais, etc.
- Outras actividades diversas de menor transcendencia pero de certo interese educativo-social que se están desenvolvendo na actualidade en diversas fronteas, e animadas por diferentes axentes da Facultade, especialmente nos eidos educativo-ambiental, da educación física, da educación emocional, etc.
- Finalmente, desde o SEPIU (Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC) e a coordinación xeral do Prácticum da Facultade, veñen organizándose nos últimos anos unhas xornadas co obxecto de estimular a participación do alumnado dos graos en accións de voluntariado relacionado co apoio escolar e cos tempos de lecer da infancia lucense.

Colaboran diversas organizacións e asociacións de Lugo que traballan a prol da infancia e a adolescencia, e que precisan colaboración do alumnado universitario e, explicitamente, do estudantado da nosa Facultade (futuros mestres e mestras).

Entre as entidades que adoitan participar podemos sinalar á Fundación Juan Soñador (con programas de reforzo educativo para alumnado de educación primaria), o Secretariado Gitano de Lugo (cun programa de apoio e orientación educativa para mozas e mozos xitanos), a Asociación de Promoción e Integración Xitana de Lugo (con varias iniciativas), Cáritas Lugo (con varias iniciativas), Madreselva ONGD (apoio escolar a alumnado de Educación Primaria e Secundaria), a Asociación RAIOLAS Autismo Lugo (actividade con nenas e nenos con síndrome do espectro autista), a Asociación Capaces (actividade con adolescentes con síndrome do espectro autista), a Asociación Down Lugo (con varias iniciativas), a Asociación Bule-Bule (actividade con nenos e nenas con TDAH, trastorno por déficit de atención con/sen hiperactividade), entre outras.

Coa intención de favorecer a implicación e estimular a atención do alumnado nas diversas temáticas presentadas, establécense conexións entre estas e algunhas das materias que se imparten nese momento do curso: Psicoloxía da educación, Dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento, Escola inclusiva e necesidades educativas especiais, etc. Para isto, o profesorado responsable desas materias preséntalle ao seu alumnado unha serie de datos e aspectos sobre os que deben recoller información que eventualmente a posteriori se traballarían nas aulas.

Por suposto a través de todas estas iniciativas foméntase a participación do noso alumnado na sociedade, na comunidade próxima, pero ademais esa actividade sérvelle para tomar contacto directo parcialmente coa dimensión educativo-social da súa futura profesión, mais tamén coñecer na práctica real o estimable labor que desempeñan as/os educadores sociais que traballan in situ para esas entidades.

3. Deficiencias e desexos: o camiño a percorrer

A pesar de todas as iniciativas arriba sinaladas, o feito de que o centro nunca tivese ofrecido un título oficial universitario (diplomatura, licenciatura, grao, etc.) relacionado directamente coa Educación Social ou coa Pedagogía Social, non facilitou o establecemento dunha relación fluída co mundo educativo-social nin cos seus profesionais, é dicir, non se creou unha “cultura” na Facultade referida á educación social, á marxe de relacións puntuais que algúns docentes podían manter con axentes externos ao

centro e que se tiveron traducido no seu momento en congresos, xornadas, conferencias e outras iniciativas de percorrido limitado.

É por todo isto que, alén das escasas temáticas que son estritamente curriculares (porque forman parte dos contidos das diferentes materias dos plans de estudo que se desenvolven a día de hoxe na Facultade), a presenza no centro do “educativo-social” en sentido estrito podería cualificarse historicamente como baixa, e tampouco actualmente está entre os temas habituais de debate do profesorado e investigadores/as da Facultade a pertinencia da figura do ou da educadora social nos centros escolares.

É dicir, xeralmente non se valora (cabería dicir que ás veces nin se coñece) o papel que a Educación Social podería xogar en procesos de fomento activo da convivencia nos centros, mediación en conflitos, intensificación da relación entre centros e familias e estimulación da participación destas nos asuntos escolares, desenvolvemento de programas que fomenten a autonomía do alumnado ou calquera outra finalidade socio-pedagóxica, traballo orientado á redución do absentismo escolar, seguimento de nenas e nenos convalecentes nos hospitais ou nos domicilios, atención a comportamentos non-sociais ou non-saudables dos menores, traballo socio-emocional co profesorado, intensificación das relacións bidireccionais do centro co seu contorno (comunidade local, institucións, asociacións, voluntariado, etc.) para aumentar así a súa mutua influencia, etc., etc., por citar só algúns dos beneficios potenciais de carácter socio-pedagóxico que implicaría a existencia de educadoras/es sociais nos centros educativos.

En realidade a maioría de docentes da nosa Facultade nin sequera ten habitualmente moi presente o imprescindible papel que, xa na actualidade, están desempeñando ao respecto as e os educadores sociais tamén neste contexto local e provincial, por suposto desde estruturas non escolares senón máis ben extra-escolares ou para-escolares (concellos, asociacións, voluntariado, etc.).

Aínda así, e tal como avanzabamos antes, esta situación pode deberse simplemente ao descoñecemento, e non tanto a unha decisión intencional, pois non hai que esquecer que unha boa parte do profesorado dos graos de maxisterio (a diferenza do das titulacións de Educación Social, Pedagogía, etc.) posúe unha base formativa universitaria inicialmente non pedagóxica senón “disciplinar”, relacionada coas Filoloxías, a Historia, a Medicina, a Matemática, a Bioloxía, etc.; é dicir, este profesorado non vén “de partida” academicamente ligado coa educación social, nin esta forma parte da súa “mochila” de experiencias e coñecementos académicos.

4. Epílogo

En definitiva, o percorrido nesta Facultade de Formación do Profesorado do binomio educación social-escola poderíamos cualificalo, e só nos últimos lustros, unicamente de iniciático, sobre todo por falta de tradición de formación e de discurso no centro relacionados coa educación social.

Desafortunadamente, é obvio que esta escasa relación váiselle transmitindo de maneira involuntaria tamén ao alumnado e, polo tanto, a quen serán mestras e mestras no futuro; é por isto que non sería aventurado afirmar que boa parte do actual colectivo docente en exercicio da provincia de Lugo (que se formou inicialmente neste centro), por descoñecemento da figura da educadora ou educador social e do que pode ofrecer ás escolas, non está minimamente concienciado nin mobilizado para reclamar institucionalmente a presenza (oportuna e pertinente) desta/e profesional dentro dos claustros.

En todo caso pode haber lugar para a esperanza, xa que en absoluto se percibe rexeitamento á implicación do/da educadora social nas escolas, polo que entendemos que sería preciso desenvolver iniciativas pro-activas de difusión ao respecto, tanto nos centros escolares como na propia Facultade.

No caso concreto do centro universitario, e visto que non está prevista e nin sequera se imaxina no horizonte a implantación dun Grao en Educación Social en Lugo, unha medida realista e plausible a tomar de entre outras posibles podería ser a incorporación, nunha futurible modificación dos plans de estudos, dunha materia optativa de perfil educativo-social (tanto no grao en mestra/e de educación infantil como no grao en mestra/e de educación primaria) que afondase precisamente nestas temáticas.

A través de propostas coma esta trataríase pois, en suma, de dimensionar canto antes no seo da cultura da Facultade e dos centros escolares (sobre todo nos da provincia de Lugo, en referencia ao que antes se comentou) a relación entre eses dous universos pedagóxicos (o universo da educación escolar e o universo da educación social), tan próximos entre si a nivel académico, a nivel disciplinar e a nivel práctico (mesmo ligados), pero á vez tamén (e infelizmente, aínda) un tanto distantes desde o punto de vista profesional/organizativo nas escolas desta provincia.


Esta obra é o resultado do esforzo das persoas organizadoras e participantes no
I Congreso Internacional e III Xornadas de Educación Social e Escola,
realizadas en Ourense en setembro-outubro de 2016.
A todas lle agradecemos desde o equipo de coordinación as súas achegas,
un agradecemento que se fai extensivo ás institucións e entidades,
que fixeron posible cos seus apoios, a realización do congreso



Co apoio económico de



E o aval de entidades científicas e profesionais



ISBN 978-84-697-7024-5



9 788469 770245